



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

O BNG esixe responsabilidades políticas polo atentado ecolóxico acontecido en Faramontaos

O pasado venres, 29 de febreiro, unha empresa particular que, segundo as nosas informacións, actuou seguindo instrucións do Concello, **invadiu unha propiedade particular e arrincou de raíz varios carballos** de considerable envergadura e máis de 30 anos de idade. A motivación, ao parecer, foi que estas árbores secaban unha fonte próxima, o cal carece absolutamente de fundamento xa que, de todo o mundo é sabido que os carballos estenden o seu sistema radicular en superficie e este en ningún caso afecta á capa freática xa que está nun nivel inferior ao das raíces das árbores.

A secuencia cronolóxica dos feitos é a seguinte:

1. Na semana pasada o PP celebrou un acto electoral no pobo de Faramontaos no que **dous veciños lle solicitaron arrincar as árbores próximas á “Fonte da Pia”** argumentando que eran as causantes de que esta non tivera auga.
2. Sen ningún tipo de informe técnico, sen solicitar o preceptivo permiso dos propietarios e invadindo propiedade privada **consumouse un atentado ecolóxico de consecuencias irreparables**.
3. Estes feitos poñen de manifesto, unha vez máis, o xeito de actuar do noso alcalde, Isaac Vila, e do Partido Popular quen, **por conseguir media ducia de votos non dubidan en estragar irreparabilmente o noso medio natural, brincando por riba dos máis básicos dereitos individuais dos cidadáns e dos trámites legais e administrativos elementais**.
4. Dende o BNG de Xinzo da Limia valoramos os feitos acontecidos como de **máxima gravidade** e xa diriximos un escrito ao Concello solicitando toda a información sobre o particular. Ademais **esixiremos responsabilidades políticas inmediatas**, independentemente das consecuencias que pola vía civil ou penal se poidan derivar das denuncias que o propietario afectado presentou diante das autoridades competentes.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 03-03-2008

Máis información en: www.bng-xinzo.org

Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Multicentro, 1ª Planta – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tif/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org